

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

40 ANOS DO PRIMEIRO CONCERTO DE VOCES CEIBES

## Catro décadas erguendo a voz

O 26 de abril de 1968 o paraninfo da Facultade de Medicina da USC encheuse para escoitar un berro de protesta contra a ditadura: nacían 'Voces Ceibes'

Marcos S. Pérez - 09:00 29/04/2008

*Loitemos, loitemos, que a lúa segue brillando.* A voz decidida e a guitarra belixerante de Benedicto atronan o Paraninfo da Facultade de Medicina da USC. É 26 de abril de 1968 e máis de dous mil estudantes enchen o recinto, inzado de bandeiras galegas, e moitos máis fican fóra sen poder entrar; fóra, onde tamén agardan os grises. É o 68, non por casualidade; dende había dous meses Compostela estoupara: peches masivos nas facultades, pintadas, manifestacións e asembleas; ao 68 compostelán cumpríalle aínda unha banda sonora, máis aló do *Venceremos Nós* que os manifestantes cantaban ao remate das xuntanzas. Había fame de liberdade, e cando Benedicto cantou: *Fuco Buxán, non sintes que na Iberia feden a podre os homes e as paisaxes* a sala rompeu a forza de aplausos.

Aquel 26 de abril ademais de [Benedicto](#), que cantou *Eu son a voz do pobo*, *Un home*, *Loitemos* e *Carta a Fuco Buxán*, subiron ao escenario Xavier con *Monólogo do vello traballador*, *María Soliña*, *Romance incompleto* e *Longa noite de pedra*; Guillermo Rojo con *Quen tivera vinte anos*, *Tirade ao chan os fusiles*, *A vós irmáns*, *Señor, eu fun poeta*; Xerardo Moscoso con *Deuda cumprida* e *Réquiem N° II*; e Vicente Araguas con *Comunión*, *A cea* e *Eles non sabían cantar*.

[Xesús Alonso Montero](#) preparou un texto de presentación para o concerto, que se repartiu multicopiado entre o público asistente, e que comezaba dicindo así: "coido que dentro dalgúns anos fálase deste recital como dun feito histórico (...) Dende oxe Galicia ten o que noutros ámbitos menos precarios teñen dende fai tempo: unha canción a altura do intre histórico, unha canción nascida pra desacougar e alumar: unha canción pra acadarmos conciencia dos nosos problemas reais".

### "Eu son a voz do pobo"

Uns días despois, o 4 de maio, *El Correo Gallego* publicou unha reportaxe, titulada *Sin Gaita*, que incluía datos biográficos dos cinco cantantes, fotografías, declaracións de principios e letras das cancións de Voces Ceibes. No estilo fuxíase do folclore e do folclorismo, manipulado naquel tempo polo franquismo, e mirábase cara a referentes máis universais: a canción francesa (Brassens, Leo Ferré...), pero sobre todo a música anglosaxona: moi claramente Dylan e a canción protesta en clave *folkie* que o precedera, e mesmo o pop que comezaba a soar nas *pick-ups* de guateques, pensións e pisos de estudantes.

O grupo aínda non tiña nome; uns días despois reuníronse os cinco cantautores con Alfredo Conde e a súa dona Margariña Valderrama na cafetaría do Hotel Compostela. Contan que naquel tempo nos baños daquela cafetaría podíase ler nunha pintada *Galicia ceibe de farrapos e cadeas*. Foi Xavier quen propuxo o nome de *Voces Ceibes*, despois de quedar polo camiño outras denominacións menos afortunadas, como *Ovellas negras* ou *Os biosbardos*. Tratábase de estruturar un colectivo de canción protesta ao estilo dos cataláns *Els setze jutges* ou os vascos *Ez dok amairu*.

En realidade todo comezara un ano antes. O 9 de Maio de 1967, no estadio da residencia de Estudiantes de Santiago de Compostela, Raimón ofreceu un concerto multitudinario e bilingüe, cantado en catalán, mais escoitado en galego (mercé á tradución feita e distribuída por Carlos Casares e García-Bodaño), que fixo abrollar en moitos a idea de facer canción de autor en galego.

O 26 de abril non foi unha anécdota, foi o primeiro día dun movemento moi fondo. Como afirmou Benedicto, "a partir daquel día, os boletíns de información da Coordinadora do Movemento Estudiantil comezáronse a facer en galego". De igual xeito, Vicente Araguas definiu en agosto do 70 os obxectivos de *Voces Ceibes* como a creación dunha "verdadeira conciencia social no pobo galego. O contido das nosas cancións é social e cultural. Pero non é a cultura pola cultura, senón como algo completamente imprescindible para Galicia". Por algo a censura da época vía neles un gran perigo, sobre todo despois de expoñeren as súas liñas programáticas: dignificación lingüística e compromiso coas clases traballadoras, unha claridade expositiva á que non se atreveron os seus coetáneos cataláns, vascos ou madrileños.

### **Gravación en Barcelona e recitais polo país**

Por intermediación do poeta Salvador García Bodaño entraron na compañía catalá Edigsa, na que publicaron un total de dez singles. Nos meses seguintes chegaron trece concertos máis: na A. Cultural de Vigo, no grupo Rumbo de Ourense, no Facho da Coruña, no Galo de Santiago, en Pontevedra... Algúns destes encontros foron prohibidos e multados os seus protagonistas. Como anécdota, en Ferrol, ante un público composto case ao cincuenta por cento de obreiros de Bazán e gardas civís, tiveron que repetir unha e outra vez só as dúas cancións consideradas inofensivas polo censor local. O 1 de decembro de 1968 tivo lugar a outra data clave no grupo: o concerto que ofreceron no Cine Capitol de Compostela, presentado por [Manuel María](#) e cuxo cartaz foi deseñado por [Reimundo Patiño](#).

O 25 de xaneiro de 1969 o goberno declarou o estado de excepción, que supuxo a paralización dos recitais. Despois de ter rexistrado unha certa apertura, o franquismo endureceu a súa represión: peche do xornal *Madrid*, declaración de sucesivos estados de excepcións en Euskadi, Amador e Daniel asasinados pola policía en Ferrol, ou as execucións de Puig Antich e do proceso de Burgos. Anos duros, nos que os integrantes de *Voces Ceibes* tiveron que deixar de facer concertos en Galiza, aínda que si actuaron en distintos países de Europa, maioritariamente en centros de emigrantes galegos: Milán, Roma e varias cidades de Suíza e Francia; actuacións auspiciadas polo PCG, pois moitos dos *voces ceibes* estaban moi próximos aos *peixes*, ou á súa fronte cultural.

En 1972 colaboraron no elepé colectivo *Cerca del mañana*, disco clandestino impulsado por CC.OO. no que tamén participaron Elisa Serna, Pablo Guerrero, Xavier Ribalta, Imanol Larzábal, ou Lluís Llach. Un álbum que hoxe constitúe una valiosa peza de coleccionista e que na súa portada, negra e vermella, amosaba un mapa de España do que foxen Galicia, Euskadi e Cataluña. Producíranse xa numerosos cambios na composición do grupo, do que saíran Xavier e Guillermo Rojo, e no que entraran Miro Casabella, Xaime Barreiro Gil *Chuspe*, Tino Álvarez, e xa en 1971 Suso Baamonde e Bibiano.

O grupo desaparece en 1974, tomando os seus integrantes distintos camiños, algúns na música (Benedicto,

Bibiano, Casabella, o Movemento Popular da Canción Galega...) e outros fóra dela. Musicalmente a importancia do movemento é discutíbel, máis aló do valor de compoñer cancións en galego con elementos e vocación universal; un movemento de canción de autor coetáneo doutros xurdidos en todo o planeta daquela. Mais é evidente, en cambio, a súa relevancia política e histórica, a valentía dos seus textos e a importancia que tiveron nun tempo no que había moitas cousas que mudar.